

**Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)**

**Asunto. Aprobación do expediente de contratación da obra: Reparación e asfaltado en Sobre a Igrexa-Guísamo, Mesoiro e A Lagoa, incluída no Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019 do AGADER.**

**Expediente: 2018/C003/000001.**

Visto o expediente tramitado para a contratación da obra de *Reparación e asfaltado en Sobre a Igrexa-Guísamo, Mesoiro e A Lagoa*, segundo o proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola D. Pedro Zapata Roel, colexiado nº 708, en xaneiro de 2018, cun presuposto de execución por contrata de 51.696,04 euros, IVE incluído, proxecto financiado con fondos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) da Consellería do Medio Rural, ao abeiro da Convocatoria para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao *Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019* da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 10 do 15.01.2018), aprobado por Resolución da alcaldía núm. 797/2018, do 24.07.2018, na que por erro consignouse a contía de 51.969,04 euros.

Visto o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que establece que *“As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”*.

Vista a necesidade de acometer a citada obra, xa que o servizo pavimentación das vías públicas atópase entre os servizos obrigatorios que debe prestar o concello ao abeiro do artigo 26.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola *Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local*, o que xustifica a necesidade deste contrato, consonte co establecido no artigo 116.4.e) da LCSP e segundo se indica no informe ao proxecto, apartado 10, sobre a xustificación da necesidade e idoneidade, asinado polo arquitecto técnico municipal en abril de 2018, toda vez que, na actualidade, o viario a reparar presenta importantes deficiencias no seu firme, o que dificulta o tránsito peonil e vehicular co conseguinte menoscabo da seguridade viaria, polo que prevese o acondicionamento das vías procedendo ao seu asfaltado e a reparación e acondicionamento dos elementos vencellados a elas.

Tendo en conta a Resolución de AGADER do 23.04.2018, de concesión de axuda por importe de 36.709,00 euros, para a execución do citado proxecto, incluído no *Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019*, notificada a este concello que establece que ***“a) As obras incluídas neste Plan deberán ter unha garantía de mantemento de, cando menos, 5 anos a contar desde a data de pagamento final da axuda, sendo de conta do concello os custos necesarios para a súa conservación. O concello debe asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades causadas por mor da execución das obras, nos termos previstos na LCSP.”***; e considerando o disposto no informe do proxecto emitido polo arquitecto técnico municipal, en xullo de 2017, no que se establece que ***“se recomenda que as empresas que concorran á licitación sexan especialistas en obras de pavimentación mediante aglomeradoasfáltico e que conten com maquinaria e medios propios para a execución das***

obras”, indicándose, así mesmo, como clasificación indicativa a seguinte: **Grupo G; Subgrupo 4; Categoría 1**, o que xustifica a esixencia de solvencia no prego.

Constando no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán esta contratación informado favorablemente por secretaría. Visto o informe do arquitecto técnico municipal do 24.04.2018. Vistos os informes de secretaría do 26.07.2018 e de intervención de 26.07.2018.

Dado que consonte coa Resolución de concesión, o prazo límite para executar e xustificar os investimentos da anualidade de 2018 é o 17.11.2018, non tendo completo o expediente no día de onte que se celebraba xunta de goberno ordinaria, e dado que a seguinte celebrárase o vindeiro 9 de agosto, compre avocar funcións para a aprobación do expediente de contratación.

Constando todos os documentos preceptivos, e considerando que a competencia para contratar é da Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía-Presidencia, efectuada por Resolución nº 693/2015, do 2 de xullo, toda vez que a competencia orixinaria corresponde a esta alcaldía, conforme ao preceptuado na Disposición adicional da LCSP, unha vez examinado o expediente, e por avocación de funcións, ao abeiro do disposto no artigo 10 da lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, por medio da presente RESOLVO:

**PRIMEIRO.** Proceder á rectificación do erro aritmético cometido na Resolución núm. 797/2018, do 24 de xullo, relativa á incoación do expediente de contratación da obra de *Reparación e asfaltado en Sobre a Igrexa-Guísamo, Mesoiro e A Lagoa*, incluída no Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019 do AGADER. Exp. 2018/C003/000001, de xeito que no punto primeiro onde dí "... cun presuposto de execución por contrata de 51.969,04 euros, ive incluído...", debe dicir "...cun presuposto de execución por contrata de 51.696,04 euros, ive incluído.....".

**SEGUNDO.** Declarar o expediente de contratación ordinario e consonte co artigo 117 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación da obra de *Reparación e asfaltado en Sobre a Igrexa-Guísamo, Mesoiro e A Lagoa*, incluída no Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019 do AGADER. Exp. 2018/C003/000001.

**TERCEIRO.** Declarar o procedemento aberto simplificado, tramitación supersimplificada, ao abeiro da regulación prevista no artigo 159.6 da LCSP, dado que a obra ten un valor estimado de 42.724,00 euros, cun único criterio de adjudicación, mediante fórmulas, consonte co disposto nos artigos 159.6.c) da LCSP.

**CUARTO.** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que haberan de rexer para esta contratación mediante procedemento aberto simplifícadísimo ao abeiro do artigo 159.6 da LCSP, cun único criterio de adjudicación, e tramitación ordinaria, aprobar o Cadro de características do contrato, o modelo de oferta e declarar expresamente de aplicación a fórmula matemática de valoración de ofertas económicas da Deputación Provincial de A Coruña (publicada no BOP núm. 124 do 02.07.2018, páxinas 122-125).

**QUINTO.** Autorizar o gasto por importe de 51.696,04 euros, IVE incluído, con cargo a aplicación presupostaria 454/619.01 do Orzamento municipal para 2018.

**SEXTO.** Dispoñer a apertura da fase de licitación, segundo o procedemento establecido nos propios pregos, procedendo á publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante.

Bergondo, na data que figura na marxe

**A alcaldesa**

Alejandra Pérez Máquez

**Dou fe; a secretaria**

Ana María Cacharrón Castelos